

Pallasos contra o círculo do poder

A. ESTEVEZ

Rirnos de nos mesmos cando adoptamos posturas ridículas. Rirnos dos demais cando nos decatamos dos seus acenos autoritarios. Esa é a proposta do Festiclown, que se celebra en Pontevedra do 15 ao 21 de xullo.

"O clown estaba considerado de segunda categoría, identificado só co pallaso do circo, incluso co que vende hamburguesas. Sen embargo o clown forma parte do periplo profesional de autores tan importantes como Dario Fo", explica Iván Prado, director deste festival que reúne a figuras recoñecidas polo público, a novas compañías e a actores desexosos de aprender.

Entre as estrelas que participan no Festiclown, non podía faltar Leo Bassi, considerado un dos mestres, e que ven estrear a súa peza *12 de setembro*. No espectáculo propón a loita activa contra a hipocresía e revisa as vergonzas dos Estados Unidos. Bassi non se caracteriza precisamente por ter pelos na lingua e promete que non deixará ao público indiferente. Non será a única estrela do clown en Pontevedra: o 18 de xullo o toleirán Jango Edwards, amigo de Fellini e líder do movemento *Clown Power*, chega a cidade co circo Roncalli. A mostra internacional conta tamen co dúo Mofa e Befá que na súa montaxe *Cultura para dar e tomar* imparte unha "lección maxistral para a policía galega do novo milenio e de gourmetoloxía para o novo milenio sen prexuízos".

Iván Prado destaca tamén que o número un do mundo neste momento, Carlo Colombari, concibe e dirixe para o festival o espectáculo *Manicomio só para clown*. A produción é representada pola compañía *Os sete magníficos mais un*, constituída expresamente pola organización do festival para promover o clown por todo o país.

Os organizadores desta semana do riso en Pontevedra matizan que se ben a presenza dos grandes mestres é fundamental, non significa que sexa a columna vertebral do Festiclown. "O verdadeiro leiv motiv é o compromiso. Por un lado, coa calidade artística e, por outro, coa idea de que outra cultura, a non predominante, é posíbel, é viábel. O festival é un puzzle no que, a medida que se vai desenvolvendo, as pezas van encaixando", comenta Prado.

A praza pública

Os actores chegan a Pontevedra a aprender. A oferta é variada: cursos de improvisación, de bufón, de pallaso de hospital, de pantomina e de clown na rúa. Os espazos públicos convértense no festival en escenarios polos que pasarán *El dúo en la lona*, Nanny Cogorno, *Lo-co Brusca* e *La Mascara*. "Un dos cometidos do festival é democratizar os espazos públicos. A praza pública nunca debeu de deixar de ser iso exactamente. Non se trata de enchela de catro en catro anos de galeiros, nin que sirva de extensión de bares e restaurante. É o pulmón da cultura e, aínda coas limitacións do clima do noso país, nós queremos experimentar ao ar libre. Desexamos romper esa norma establecida de que alguén actúa e outro mira. Todos teñen que participar. Temos un apartado que se denomina o Maraclown no que os artistas que desexen tomar as rúas e gañar uns cartos poden facelo. É un xeito de oficializar a cultura da gorra", contanos Iván Prado.

Tres anos leva celebrándose o festival en Pontevedra porque a organización atopa na cidade o apolo que precisa. "Pontevedra é hoxe un porto único para as propostas culturais innovadoras. Temos unha especie de pacto de fidelidade e a cidade é un trinque excelente para proxeccionar o clown a todo o país. Pero, tamén é certo, que se as circunstancias mudasen, nos imos facer o festival ali onde atopemos apoio", afirma o director do festival.

Xa están enterados. A partir do 15 de xullo é probable que se paseen polo casco vello de Pontevedra se atopen cuns seres estraños que van tratar por todas as vías que vostede se ría. Son actores e actrices que consideran que o humor non é só un pracer, senón un xeito de combater o autoritarismo. "Optamos por unha vertente do clown que se pode identificar con Charles Chaplin e que, en calquera caso trata de facer rir aos demais a través dos comportamentos ridículos. Fainos ver as actitudes



des fascistas e a nosa propia estupidez. Os galegos sabemos o que é iso xa que te-

mos un gran clown que é Manuel Fraga, un señor que pode pasar dúas hora e media

dando un discurso no que ninguén entende nada e, aínda por riba, ser aplaudido".